



## Concello de Parada de Sil

### ANUNCIO

Bases que rexeran o procedemento para a formación dunha bolsa de emprego de carácter temporal de auxiliares para o servizo de axuda no fogar do Concello de Parada de Sil mediante o sistema de concurso-oposición.

Por Decreto do Alcalde do Concello de Parada de Sil de data 4 de xuño do 2021, acordouse aprobar as Bases que a continuación se transcriben para a formación dunha bolsa de emprego con carácter temporal de axiliares para o servizo de axuda no fogar mediante o sistema de concurso-oposición.

Tal e como se indica na Base 6ª as solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia que se presentará durante o prazo de DEZ (10) DÍAS NATURAIS, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio na sede electrónica do concello de Parada de Sil e na páxina web así como no taboleiro de anuncios do concello.

Contra as presentes bases e o acordo que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ó da súa publicación.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses, contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

### **BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CARÁCTER TEMPORAL DE AUXILIARES PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PARADA DE SIL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria é a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais de postos de auxiliar para o servizo de axuda no fogar do Concello de Parada de Sil levando a cabo ditas funcións no caso de vacante por renuncia, vacacións, licenzas, enfermidade, baixa médica e outras causas do persoal que actualmente está contratado, así como de reforzo de dito servizo, no caso de ser necesario.





## Concello de Parada de Sil

---

### 2.- TAREFAS DE DESENVOLVER.

2.1.- Acordo co disposto na Orde do 22 de xaneiro do 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, as tarefas a levar a cabo poderán ser as seguintes:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra e preparación de alimentos e outros produtos de uso común.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.2.- Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, tele asistencia e similares.
- c) Servizo de podoloxía.
- d) Servizo de fisioterapia.

O proceso selectivo será o de concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de





## Concello de Parada de Sil

---

outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en adiante TREBEP).

### **3.- NORMATIVA APLICABLE.**

Ao proceso selectivo seralle de aplicación o previsto no TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 11/2020, do 31 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na administración.
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

### **4.- RÉXIME XURÍDICO.**

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral temporal, en réxime de dedicación a tempo completo ou parcial segundo se determine no contrato e nas necesidades do servizo que motiven a contratación ou de interinidade por aplicación do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

### **5.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TREBEP:





## Concello de Parada de Sil

---

1.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

2.- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

3.- Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do:

-Certificado de Profesionalidade de Atención socio-sanitaria a persoas no domicilio regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto.

-Certificado de Formación Teórica e Experiencia Profesional na atención socio-sanitaria a persoas a domicilio, regulado no Decreto 99/2016, do 16 de marzo.

-Título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería, establecido no Real decreto 546/1995 do 7 de abril, ou os títulos equivalentes que establece o Real decreto 777/1998, do 30 de abril.

-Título de Técnico en Atención a Persoas en situación de dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro.

-Calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais que os referidos anteriormente, sempre que cumpran cos requisitos establecidos e sexan válidos conforme o Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

Así mesmo, as persoas poderán obter a habilitación provisional ou excepcional para profesionais pertencentes á categoría de auxiliar de axuda a domicilio nos termos que se regulen en cada momento.

4.- Estar en posesión do permiso de conducción clase B e coche.

5.- Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.

6.- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso





## Concello de Parada de Sil

---

ao emprego público.

7.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

### 6.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Parada de Sil e que se xunta a estas bases.

Xunto coa solicitude débense achegar copias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación e os que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso de méritos.

Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas Bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.
- 2.- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan nas presentes bases.
- 3.- Fotocopia carné de conducir.
- 4.- Fotocopia do título/certificado que habilite á persoa solicitante para o exercicio das funcións de auxiliar de axuda no fogar.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Parada de Sil ou nos lugares habilitados aos efecto, acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de dez (10) días naturais contados desde o día da súa publicación das presentes Bases no taboleiro de anuncios e nos demais medios de publicidade que se consideren oportunos para o xeral coñecemento.

### 7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

7.1.- Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicárase a relación de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Parada de Sil e na páxina web municipal.

7.2.- Rematado o prazo de presentación de instancias, establécese un prazo de un (3) días hábiles para aquelas solicitudes nas que se observen defectos





## Concello de Parada de Sil

---

ou omisións.

7.3.- No caso de non observarse defectos ou erros nas solicitudes presentadas, a listaxe provisional da persoas aspirantes, terá o carácter de definitivo.

7.4.- As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicaranse no Taboleiro de edictos da Corporación.

### **8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde, publicándose a súa composición coa lista definitiva das persoas do presente proceso selectivo.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os aspirantes.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.





## Concello de Parada de Sil

---

A solicitude de recusación poderase presentar de xeito electrónico a través do rexistro electrónico do Concello de Parada de Sil.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, alo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Así mesmo, o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común a través do recurso de alzada ante a concellería competente en materia de persoal, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O recurso de alzada poderá presentarse de xeito electrónico a través do rexistro electrónico do Concello de Parada de Sil.

Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Parada de Sil, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.





## Concello de Parada de Sil

---

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interperse recurso ante a autoridade que nomee ao seu presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente en cada momento.

As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

### **9.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso, na que se procederá á valoración da experiencia e formación relacionada cos postos que se convocan, e a segunda fase na oposición que consistirá nunha proba práctica efectuada polo tribunal cualificador con obxecto de coñecer as aptitudes das persoas aspirantes para o desenvolvemento dos traballos a levar a cabo.

#### **9.1.- FASE DE CONCURSO:**

9.1.1.- Experiencia profesional en postos de traballo de auxiliar de axuda a domicilio. Ata un máximo de sete (7) puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de Auxiliar de axuda a domicilio, mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de Auxiliar de axuda a domicilio ou equivalente: 0,10 puntos.

Os méritos alegados acreditaranse para o caso de servizos prestados para a Administración Pública, mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos e no caso de servizos prestados para empresas privadas, mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos de traballo.

Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

Non serán tidos en conta para a valoración aqueles períodos inferiores ao mes.

9.1.2.- Cursos de formación sobre materias directamente







## Concello de Parada de Sil

---

relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de tres (3) puntos, de acordo coa seguinte escala:

- a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos
- b) Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,40 puntos.
- e) Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,50 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación de copia compulsada do/s título/s ou do/s certificado/s de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do mesmo e un resumo das materias impartidas.

Non serán tidos en conta á hora da valoración aqueles cursos non que non conste o número de horas.

### **9.2.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo: 30 puntos):**

Consistirá na realización dunha proba práctica a celebrar na Casa do Concello de Parada de Sil para a que serán debidamente convocadas as persoas admitidas ao presente proceso selectivo e coa finalidade de garantir as medidas derivadas da actual situación de emerxencia sanitaria.

Para poder superar a fase de oposición será necesario que a persoa aspirante acada unha puntuación igual ou superior aos 15 puntos.

Aquelas persoas que non acaden a puntuación sinalada no parágrafo anterior, quedarán excluídas do presente proceso selectivo.

### **10.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN.**

A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha **puntuación máxima de corenta (40) puntos.**

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello de Parada de Sil.

### **11.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.**





## Concello de Parada de Sil

---

Rematado o proceso selectivo e coas persoas que acaden a maior puntuación, será formulada unha proposta polo tribunal para a formalización da relación laboral temporal co Concello de Parada de Sil.

A estes efectos, as persoas seleccionadas, terán un prazo máximo de un día natural para presentar copia da seguinte documentación:

- Certificado médico que acredite a capacidade para o desenvolvemento das tarefas.
- Certificado do número de conta bancaria.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para eses casos a modalidade de contratación laboral.

Dada a actual situación de emerxencia sanitaria e cando non poida aportarse algún dos documentos sinalados anteriormente, poderá permitírselle a súa aportación nun momento posterior.

En todo caso a falsidade nalgún dos requisitos esixidos para o acceso ao emprego público, determinará a nulidade do contrato de traballo formalizado previamente.

### **12.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.**

Crearase unha bolsa de emprego para a cobertura de postos de traballo con carácter temporal para os que se esixan os mesmos requisitos que nas presentes bases, acudindo ás/aos aspirantes relacionados por orde decrecente de puntuación na listaxe confeccionada polo Tribunal cualificador.

A ou o aspirante que resultase nomeado no proceso regulado nestas bases, unha vez extinguido o contrato laboral, pasará a formar parte desta bolsa na orde que lle corresponda pola súa puntuación.

Non obstante, si a persoa nomeada tralo proceso que regulan estas bases incorre nalgún dos supostos relacionados nas mesmas, será excluída con carácter definitivo da bolsa de emprego.

### **13.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

No caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase á ou ás persoas





## Concello de Parada de Sil

---

incluídas na listaxe coas maiores puntuacións que nese momento non estean prestando servizos para o Concello de Parada de Sil como auxiliar de axuda no fogar, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este previa sinatura do correspondente contrato laboral.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación á que se refire o parágrafo seguinte ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, poida pasarase a/aos seguinte/s na lista.

A oferta do posto será notificada na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante LPAC), ao enderezo postal ou electrónico sinalado na instancia presentada no presente proceso selectivo e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificado, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto nas presentes bases.

De resultar infrutuosa a notificación, tralos dous intentos previstos no artigo 42.2 da LPAC, procederase do mesmo xeito coa/s seguinte/s persoa/s da lista sen necesidade de realizar a publicación no Boletín Oficial do Estado que se prevé no artigo 44 da mesma Lei dada a celeridade para o que está previsto este procedemento e a temporalidade dos postos que con el se poden cubrir.

Para axilizar as xestións poderá empregarse o contacto por medio telefónico.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá a oferta indicándolle o número de orde no que se atopa na bolsa, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación que se lles solicite ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase a/s seguinte/s na lista.





## Concello de Parada de Sil

---

A persoa que incorra nalgunha das circunstancias mencionadas no parágrafo anterior será excluída con carácter definitivo da bolsa de emprego agás que a renuncia, que en todo caso deberá realizarse por escrito, se deba algún dos seguintes motivos:

- a) Que a persoa se atope de permiso por paternidade ou maternidade.
- b) Que a persoa se atope na situación de incapacidade laboral temporal por enfermidade común ou accidente profesional.
- c) Que se atope prestando servizos para o Concello de Parada de Sil noutro posto de traballo.

Nos supostos a) e b) a renuncia deberá acompañarse dos documentos acreditativos da situación. No suposto de que non o acredite debidamente no prazo que se lle indique, será excluída definitivamente da lista.

Serán igualmente causas de exclusión definitiva da lista a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo aceptado e todas aquelas outras que motivan a perda da condición de empregado público.

No suposto de que a necesidade de prover o posto non fora previsible coa antelación suficiente e a súa cobertura fora necesaria para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente ao número consignado na instancia.

Nestes supostos, a ou o empregado público que realice esta tarefa o intentará por dúas veces no mesmo día a horas diferentes cun intervalo mínimo entre chamadas dunha hora.

De resultar infrutuosos ambos chamamentos pasarase á seguinte persoa da lista.

En calquera dos supostos a ou o empregado estenderá dilixencia dos chamamentos realizados indicando número de teléfono, día, hora e minutos e resultado da oferta que poderá ser:

- a) Non contesta.
- b) Acepta.





## Concello de Parada de Sil

---

c) Renuncia.

d) Permiso por paternidade ou maternidade ou incapacidade laboral temporal. Nestes casos deberáselle informar da necesidade de acreditar a circunstancia que conorra no prazo máximo de cinco (5) días hábiles desde o chamamento.

En caso contrario procederase ao seu tratamento como renuncia.

### **14.- IMPUGNACIÓN.**

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contra a convocatoria e as Bases, previo á vía xurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de edictos do Concello.

Parada de Sil, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde





## Concello de Parada de Sil

### **MODELO DE INSTANCIA.**

D. ....  
.....con D.N.I. num.....e con domicilio  
en.....,nº...  
..... piso..... C.P. .... Tfno.: .....

Informado da convocatoria que realiza o Concello de Parada de Sil, para a formación dunha bolsa de persoal auxiliar de axuda no fogar en réxime de persoal temporal, de acordo ás bases publicadas no Taboleiro de anuncios que declara coñecer e aceptar.

Tendo en conta que cumpre todos os requisitos esixidos nas Bases, e comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado,

**SOLICITA:** Ser admitido ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- Fotocopia do D.N.I.
- Documentos acreditativos ou fotocopias, dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa valoración no concurso.
- Carné de conducir.
- Certificado/título acreditativo para o exercicio das funcións de auxiliar de axuda no fogar.

Parada de Sil a de de 2021

Asdo.

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE PARADA DE SIL con CIF P3205800J e domicilio social sito en CAMPO DA FEIRA Nº 1 - PARADA DE SIL, 32.740 Ourense, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Xunqueira de Espadanedo. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO PARADA DE SIL, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos. Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado. A súa vez, informamos que pode contactar co Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE





## Concello de Parada de Sil

---

PARADA DE SIL, dirixíndose por escrito á dirección de correo [concelloparadadesil@gmail.com](mailto:concelloparadadesil@gmail.com) ou ao teléfono 988291001. De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico [concelloxunqueiradeespadenedo@gmail.com](mailto:concelloxunqueiradeespadenedo@gmail.com). Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.





## Concello de Parada de Sil

---

### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_  
,e \_\_\_\_\_ enderezo \_\_\_\_\_ en \_\_\_\_\_  
, de conformidade co previsto nas bases para a contratación en réxime  
laboral de persoal de axuda no fogar do Concello de Parada de Sil:

#### **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

A) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

A) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

B) Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto.

Parada de Sil, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

Asdo:

